O día 07 de marzo de 2023 recíbese Notificación de Resolución de **concesión de axuda** á entidade CONCELLO DE PETÍN, con NIF P3206100D, no contexto do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de **axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Programa financiado pola Unión Europea.**

Concédese unha axuda por un **importe** máximo de **146.063,27 euros** para levar a cabo o **proxecto** denominado **"Renovación das instalacións de alumeado público e implantación de tecnoloxías TIC nas zonas de Centro Médico, Santa María e Rúa do Bacelo no Concello de Petín".**

**Descrición do Proxecto:**

O proxecto consiste na renovación das instalacións de alumeado exterior no municipio de Petín na provincia de Ourense.

Vaise a actuar en 160 puntos de luz dos 728 existentes no municipio, substituíndo as luminarias existentes por novas de tecnoloxía LED.

Respecto aos cadros de mando, o proxecto contempla actuacións en 3 dos 16 existentes no municipio, os cales van a ser reformados para adaptalos á normativa vixente. Ademais, instalarase un sistema de telexestión punto a punto que permita obter e xestionar información detallada sobre consumos, mantemento e fluxos luminosos.

Con esta actuación diminuirase a potencia de 26,87 kW a 14,17 kW, e conseguirase un aforro enerxético estimado do 60 %.